

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3370** *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 1744/2003, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas. («BOE» 47, do 24-2-2004.)*

Advertida errata no Real decreto 1744/2003, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 16 de xaneiro de 2004, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 397, «Parte B, Parámetros químicos», na liña terceira, «Arsénico total», onde di: «mg/l», debe dicir: «µg/l».

## MINISTERIO DE ECONOMÍA

**3372** *REAL DECRETO 299/2004, do 20 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro. («BOE» 47, do 24-2-2004.)*

Este real decreto ten por obxecto introducir no Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro, determinadas adaptacións derivadas da transposición da Directiva 2000/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de maio de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles e pola que se modifican as Directivas 73/239/CEE e 88/357/CEE do Consello (cuarta directiva sobre o seguro de vehículos automóbiles).

A Lei 44/2002, do 22 de novembro, do medidas de reforma do sistema financeiro, incorporou a dereito interno as disposicións da norma comunitaria, concretamente na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo V, artigos 32 a 34, que modificaron, respectivamente, a Lei 30/1995, do 8 de novembro, do ordenación e supervisión dos seguros privados, o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, e o Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro. En concreto, as modificacións na Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor supuxeron a inclusión dun novo título III, «Dos sinistros ocorridos nun Estado distinto ao de residencia do prexudicado, en relación co aseguramento obrigatorio». Aínda que a través deses preceptos se completou a transposición, existen certos aspectos de índole regulamentaria que deben ser adaptados e precisados a través das correspondentes modificacións no Regulamento de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

As modificacións afectan a OFESAUTO como organismo de indemnización no marco da cuarta directiva do

seguro de vehículos automóbiles, o que exige reflectir no regulamento estas novas funcións. Recóllense tamén as modificacións necesarias derivadas da designación do Consorcio de Compensación de Seguros como organismo de información, en relación cos representantes para a tramitación e liquidación de sinistros designados polas entidades aseguradoras en cada un dos Estados membros.

O artigo 7 da cuarta directiva prevé que, nos casos en que non resulte posible identificar o vehículo causante do accidente ou a entidade aseguradora, o prexudicado poderá solicitar unha indemnización do organismo de indemnización do seu Estado de residencia, pasando este, unha vez pagada a indemnización, a ser acreedor do fondo de garantía que corresponda; por iso resulta necesario incluír entre as funcións que o Consorcio de Compensación de Seguros desempeña como fondo de garantía a de reembolso aos organismos de indemnización.

Por último, realízanse no ficheiro informativo de vehículos asegurados as adaptacións necesarias para permitir o intercambio de datos do organismo de indemnización español cos organismos de indemnización e de información dos outros Estados membros do Espazo Económico Europeo, así como cos seus fondos de garantía.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2004,

### DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro.*

O Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o título do artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13. Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (OFESAUTO) na súa condición de oficina nacional de seguro.»

Dous. Créase un novo artigo 13 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (OFESAUTO) na súa condición de organismo de indemnización.

1. De conformidade co establecido no artigo 26 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, a Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (OFESAUTO) terá a consideración de organismo de indemnización ante o que os prexudicados con residencia en España poderán presentar reclamación de indemnización nos supostos previstos no artigo 27 da citada lei.

2. Na reclamación que ante OFESAUTO presente o prexudicado, de acordo co establecido no artigo 27 da citada lei, deberá constar que a entidade aseguradora do vehículo causante non designou un representante en España para a tramitación e liquidación de sinistros ou, noutro caso, a data en que o dito prexudicado se dirixiu formalmente á aseguradora do vehículo do responsable ou ao representante para a tramitación e liquidación de sinistros por esta designado en España e, en caso de recibir algunha